

# IX Morada de Bama

Sábado 9 de maio 2026

Campo da Festa de Bama, Touro

18:00

Xogos populares  
con Somos Enredos

18:00

Obradoiro de baile  
con Rebeca Tallón

Queimada

Carpa

Pulpeira

Acampada

19:00 Actuacións

As do 20

Axóuxeres  
de Cornado

No Deloiro

A. C Escola  
Vivantes

Embruxo  
Gaiteiros

A Pinguela  
de Bama

Concertos

Pan Sen Fron  
Comando Curuxás

Ao remate foliada aberta

Organiza:

A PINGUELA  
DE BAMA

Colabora:

Concello de Touro


Deputación  
DA CORUÑA

**A PINGUELA  
DE BAMA**



## **Quen somos?**

Unha asociación cultural creada en Bama (Touro) no ano 2017. Na actualidade temos máis de 100 persoas asociadas e as nosas clases contan con máis de 80 alumnos/as, pertencentes principalmente a varias parroquias de Touro e O Pino.



## **Que facemos?**

A nosa principal actividade é unha escola de música e baile tradicional. Ofertamos clases de gaita, percusión (tambor e bombo), pandeireta e canto, baile, acordeón, guitarra (clásica e eléctrica) e debuxo e pintura. Ofertamos diferentes niveis, tanto para nenos/as como para persoas adultas.




## **Queres máis información?**

Facebook e Instagram: @apinguelabama

Teléfono/WhatsApp: 649 930 245

Correo: [acapinguela@gmail.com](mailto:acapinguela@gmail.com)

Web: [www.apinguelabama.gal](http://www.apinguelabama.gal)




## A Morada de Bama

### *A foliada de sempre con nome propio*

No ano 2022 a foliada que organizamos pasou a denominarse a "Morada de Bama". Os nosos avós e avoas chamábanlle "moradas" á serie de bailes con gaiteiros que se facían a comezos do ano ata chegado o Entroido. Estas festas pagábanse co diñeiro que recadaban os mozos (os panxoleiros) cantando a Panxola e os Reis durante o Nadal.



Algunhas das persoas que nos falaron das moradas (como Pepa de Ferro) e un dos gaiteiros que tocaban nelas (José María de Carneiro), tristemente deixáronnos este ano. Vaia esta ilustración feita no 2017 por Blanca Millán como recordo a todas elas.



# Invitación

Prezadas veciñas e veciños, un ano máis a Asociación Cultural A Pinguela de Bama organiza a súa “**morada**”, a **foliada da parroquia de Bama**, e gustaríanos que nos acompañedes para pasar xuntos unha leda tarde-noite de troula.

Será o **sábado 9 de maio** no **campo da festa de Bama** (concello de Touro), e comezará ás seis da tarde. Teremos música, baile, cantina con bocadillos e bebida, pulpeira, queimada, varios sorteos e xogos populares para os máis pequenos.

**Agardamos contar coa túa presenza!**

*Convida a túa familia, as túas amizades e vide o día 9 de maio a Bama, para pasar un bo día lembrando como se divertían os nosos avós e avoas nas moradas.*